

Sindicalismo de corazón

Sindicalismo de corazón

Porque o levamos nas veas e o sentimos como algo de verdade. Sindicalistas con vocación de facer as cousas ben, con ganas de construír un mundo e un banco máis xustos.

Porque creemos no que facemos e facemos o que creemos. Porque nos equivocamos, porque acertamos, porque loitamos, porque nos movemos, porque sentimos, porque choramos, porque somos de verdade, con pel e un corazón que bombea ilusión de facer desta empresa un lugar onde poder traballar e vivir.

Somos un grupo de xente que un día decidiu dar un paso máis alá e entrar na función sindical, e para dicir o que doutro xeito non se pode dicir. E aquí seguimos e seguiremos se ti nos apoias.



Sindicalismo a pesar de todo

Levamos catro anos moi duros. Catro anos facendo sindicalismo a pesar de todo.

A pesar de que a clase dirixente intenta quitar todo o que temos, a pesar dos intentos da dirección por eliminar as nosas conquistas, a pesar do difícil que é traballar nun banco e explicalo á sociedade, a pesar dos nosos erros, a pesar das dificultades, dos cambios, a pesar das leis, a pesar de que intentan sempre controlarnos e censurarnos.

Facemos sindicalismo a pesar de todo porque paga a pena facelo, con dignidade e honestidade. Seguimos adiante. A pesar de todo.

Pero non facemos maxia

É verdade. Non facemos maxia. Algúns problemas subsisten. As horas en "B" é un deles. Traballamos demasiadas horas. Convencéronnos de que a responsabilidade se expresa así. E eles saben que somos responsables. Por iso contratan menos xente e aumentan a carga de traballo.

Non facemos maxia, a crise foi dura e utilizárona de coartada para facer os seus axustes, para aumentar a presión e o medo, para cambiar o modelo de banca e algunhas cousas non están nas nosas mans. Inluímos pero non decidimos.

Pero co que temos hai que seguir pelexando. Con realismo pero con inconformismo. Cos pés no chan para poder coller impulso...e saltar...



Sindicalismo diferente

Sindicalismo de preto

Sindicalismo de grandes pactos si, pero sindicalismo de preto. Imoste ver cando te ascenden e estas feliz, cando es nai, cando hai problemas na túa oficina, cando tes auditoria, imoste ver cando non podes falar, imoste escoitar cando tes que dicir algo.

Ninguén mellor ca nós coñece esta DT. Porque a convivimos contigo. Non somos un sindicato de amigos pero somos amigos. Facemos sindicalismo para ti. Para todos e todas. Sempre estaremos aí, onde ti nos queiras ter, o teu lado para reclamar o que este equipo se gaña día a día co seu esforzo.



Sindicalismo pensado

Protestamos, si. Protestamos contra os abusos, contra o descontrol, contra a falta de planificación. Protestamos, ante o DT e ante quen faga falta.

Outro BBVA é posible e necesario. Hai outras maneiras de facer as cousas que tamén serían rendibles. Hai outras maneiras de mirar o negocio e outras de mirar o equipo. Hai outras maneiras de motivar. Marcamos as liñas de negociación, os límites infranqueables, pero tamén as vías do futuro para o BBVA.

O sindicalismo constrúese con rebeldía pero tamén con credibilidade, rigor e propostas. Sindicalismo pensado, analizado, motivado e explicado.

Sindicalismo activo

Facemos un sindicalismo diferente porque é un sindicalismo activo. Estamos atentos aos nomeamentos, as democións, os traslados, oposicións, os cambios de nivel, as maternidades, as paternidades, as obras nas oficinas, as substitucións...

E imos onde haxa que ir, a RRHH ou a concentrarnos fronte á DT e SSCC para que se escoiten os berros dun equipo que viu moi incrementada a presión os últimos anos. Sindicalismo de visitas, sindicalismo de equipo, con especialistas en cada tema.

Somos un equipo ao teu servizo, máis alá desa persoa na que confías, a que che escoita e á que escoitas. Máis alá diso, hai un grupo de xente que estamos en todo BBVA, que nola coñecemos ao detalle. **Non somos perfectos, pero somos un bo equipo. E movémonos por ti.**



**ELIGE A LA GENTE
QUE FUNCIONA**